



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

... flautas, pandeiros,  
todos tocando veñen moi lelos  
gaitas e pitos,  
flautas, pandeiras.  
todos tocando veñen moi lelos.

... vinde, vinde  
con pandeiros e gaitas  
a un meniño máis hermoso  
cantémoslle unha tonada.

Unha tonada ranxeira  
semellante á que cantaba  
/: cantando por Navidades  
nosos mimos e pascualas. :/

Vinde, vinde...

Os pastores en Belén  
andan xuntando os guizos  
pa quentalo noso neno  
que está temblando co frío.

/: Falaime ben baixo,  
trepaimo pouquiño,  
pa que non desperte  
o noso meniño. :/

Os pastores en Belén  
tocan pandeiros e frautas,  
vámonos alá tamén  
a lucir as nosas gaitas.

Falaime ben baixo...